

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS, A PETICIÓN DA IRMANDADE XURÍDICA GALEGA

En Santiago de Compostela, a 17 de maio de 2022

As reflexións do texto da “Declaración de alcaldes galegos”, reunida no Hostal dos Reis Católicos hai agora trinta e oito anos, seguen de máxima actualidade.

Así as cousas, a linguaxe é viable en tanto que é capaz de comunicar contidos, como vehículo de desenvolvemento e transmisión de cultura. E unha lingua é distinta das outras porque na súa evolución histórica se foi conformando en reciprocidade cunha realidade cultural diferenciada. Se esa realidade desaparece, a lingua queda reducida a obxecto arqueolóxico. Xa que logo, unha cultura desnaturalízase cando deixa de ser comunicada a través da expresión que lle é propia.

É perentoria a necesidade dunha real reivindicación do idioma e da súa presenza en todos os planos da actividade humana e en calquera contexto social.

Coa aprobación polo Parlamento de Galicia o 15 de xuño de 1983 da lei de Normalización Lingüística, a lingua galega acadou nivel de cooficialidade co castelán, tamén nas actuacións administrativas. Concorde con este precepto, todos os escritos das entidades locais de Galicia deben ser redactados en galego.

Os concellos galegos, por seren as institucións máis achegadas á cidadanía, teñen desempeñado un papel de vangarda no proceso de normalización lingüística do noso país e posibilitado a incorporación do galego ao traballo das administracións públicas e os seus avances como lingua xurídica e administrativa. Mais non é suficiente.

Non só teñen o dereito, senón tamén o deber, de impulsar o proceso de normalización da lingua galega, pois a realidade é que, malia publicación da dita lei de 1983, as corporacións públicas aínda non teñen planificado suficientes actuacións de política lingüística que, consecuentes co que establece o artigo 5.3

do noso Estatuto de Autonomía de 1981, xeren as condicións necesarias para unha efectiva normalización da lingua galega en todos os eidos da vida pública.

Velaí por que hai razóns imperativas que avalan unha decidida actitude de todas as corporacións locais nesa tarefa común de defensa da lingua, procurando medidas concretas para que o idioma galego acade realmente o nivel de cooficialidade que legalmente ten recoñecido.

Un dos obxectivos da Federación Galega de Municipios e Provincias é o de promover a cultura e a lingua galegas no marco das competencias que o ordenamento xurídico lles atribúe ás corporacións locais de Galicia.

E un sector da súa actividade especialmente relevante para progresar no uso administrativo e xurídico do galego é o das Polícías Locais, non só polas importantes funcións que lles atribúe o ordenamento en relación coa protección dos dereitos e liberdades das persoas e a seguridade pública, senón tamén pola gran visibilidade social das súas actuacións e o considerable volume de documentación que xeran. Esa documentación repercute ademais noutros ámbitos da propia corporación e do resto das administracións públicas, así como dos Xulgados e Tribunais de Xustiza.

Polas razóns anteditas, o uso do galego por parte das Polícías Locais pode ter un efecto multiplicador na sociedade e nas institucións, que merece ser obxecto de especial ponderación.

Tendo pois como obxectivo a promoción do galego como lingua xurídica e administrativa, a Federación Galega de Municipios e Provincias considera imprescindible:

- 1.- Que as persoas que compoñen a Policía Local desenvolvan as súas actuacións oficiais, tanto orais como escritas -incluída a documentación elaborada-, en lingua galega, sen prexuízo do respecto aos dereitos lingüísticos das persoas interesadas nos respectivos procedementos.
- 2.- Que a normativa, programas informáticos, modelos de informes, atestados e expedientes que se empreguen nos departamentos da Policía Local estean redactados en galego.

3.- Que as actuacións públicas orais do persoal da Policía Local se desenvolvan, como regra xeral, en idioma galego.

4.- Que os documentos elaborados pola Policía Local que se dirixan a autoridades, Xulgados e Tribunais e organismos públicos ou privados con sede en Galicia se redacten en lingua galega.

5.- Que se adopten medidas para a implicación do persoal da Policía Local na aplicación da normativa sobre pulo da lingua galega.